

1

# 1) ALDEAS MODELO.

# Introdución e obxectivos.

A creación de Aldeas modelo, impulsadas polos concellos, ten como obxectivo a posta en produción, de xeito sostible, das terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, axudando así á creación da actividade agrícola e gandeira e a redución do risco de incendios. O obxectivo final das aldeas modelos, é o de contribuír a recuperación demográfica da zona  e mellorar a calidade de vida da súa poboación.

Con isto, quérese promover a recuperación da capacidade agronómica do perímetro da aldea modelo, a rehabilitación e a recuperación arquitectónica e urbanística do seu núcleo e a promoción do emprego.

As persoas propietarias das parcelas conservan a titularidade, reciben unha renda e non se tocan nin os marcos nin os peches perimetrais.

As aldeas modelo estarán situadas en lugares en zonas de abandono con alta capacidade produtiva tanto para cultivos como para aproveitamentos, que serán levados a cabo de forma sostible. Nelas prestarase especial atención no mantemento, conservación e recuperación das infraestruturas agrarias da zona, especialmente os muros de cerramento e a rede de camiños interiores.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, impulsará a creación dunha rede de aldeas modelo de Galicia como instrumento de colaboración funcional entre elas que terá como obxectivos a posta en común das diferentes experiencias, a coordinación de producións e promoción das mesmas ou a xeración de sinerxías entre as diferentes aldeas. Ó mesmo tempo, declararase a utilidade pública e interese social das Aldeas.

Os concellos adheridos ás aldeas modelos actualmente, así como a descrición dalgunha das aldeas xa postas en marcha, poden ser consultadas no *Anexo 1.1*.

# Requisitos

Para que sexa aprobado un proxecto de aldea modelo, esta deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Xustificación de que o concello dispón dun acordo das persoas titulares dos dereitos de aproveitamento que alcance o mínimo do 70% da superficie do perímetro proposto da aldea modelo.
- O concello debe de estar adherido ao Sistema Público de Xestión da Biomasa nas faixas secundarias definido no *artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril*, de prevención e defensa contra incendios forestais en Galicia. Os concellos adheridos a este sistema poden consultarse no *Anexo 1.2* deste apartado.
- Debe existir unha grave situación de abandono en un mínimo do 50% do perímetro proposto da superficie total, acreditado mediante un informe xustificativo.
- As terras incluídas no perímetro proposto posúen maioritariamente boas características produtivas, o que se deberá de acreditar mediante un informe xustificativo.

# Compromisos da administración autonómica coas aldeas modelo

- Limpeza dos predios.
- Redacción do proxecto de obras e instalación.
- Solicitude de informes sectoriais.
- Acordos con operadores económicos.

# Procedemento de aprobación dunha aldea modelo

O procedemento é aberto, require do compromiso dos propietarios pero tamén da implicación dos alcaldes. O proceso iníciase cunha solicitude por parte do Concello, que debe de contar cun apoio maioritario dos veciños da aldea en cuestión, polo menos do 70% dos propietarios. O compromiso que terán que asumir os propietarios é o de cesión ou arrendamento para actividade agrogandeira durante un período mínimo de cinco anos.

1. **Documentación** a aportar polos concellos:
    - Acordo dos titulares (mínimo 70% da superficie do perímetro).
    - Relación de persoas titulares de dereitos de aproveitamento das parcelas incluídas dentro da proposta de perímetro da aldea modelo, con indicación, respectivamente, de aquelas para as que se dispón de autorización, de aquelas que non foi posible localizar e das que rexeitaron a súa inclusión (as autorizacións debe de ir acompañadas dunha declaración responsable).
    - Permiso para realización das actuacións preparatorias dos predios.
    - Compromiso e incorporación das parcelas ó Banco de Terras, como mínimo durante 10 anos, das persoas titulares dos dereitos de aproveitamento das parcelas englobadas no perímetro proposto para a aldea modelo.
    - Informe acreditativo de que como mínimo do 50% do perímetro proposto está en situación de abandono.
    - Informe acreditativo de que as terras incluídas no perímetro proposto posúen maioritariamente boas características produtivas.
    - Copia do documento de alta do concello no Sistema Público de Xestión de Biomasa nas faixas secundarias.

2. Informe favorable do Banco de Terras (declaración de aldea modelo).
3. Declaración de utilidade pública e interese social (Consellería do Medio Rural).
    - Redacción do proxecto de ordenación produtiva.
        - Proxecto de ordenación produtiva das aldeas modelo:
            - Documento técnico. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
            - Usos produtivos idóneos.
            - Inclúe:

        - Perímetro
        - Parcelas incluídas, excluídas (motivos) e non localizadas.
        - Estudo técnico cos aproveitamentos máis axeitados para cada parcela.
        - Prazos de arrendamentos.
        - Descrición de obras e infraestruturas.
        - Prezos.
    - Procedemento de investigación de titularidade e declaración de abandono.
4. Operacións de limpeza das parcelas adheridas.
    - As parcelas excluídas voluntariamente: requisitos de limpeza e mantemento.
5. Selección de propostas (concorrencia competitiva)
6. Selección das propostas. Criterios de valoración:
    - Complementariamente e a xeración de sinerxías.
    - Orientacións produtivas preferentes.
    - Ampliación de base territorial de explotacións existentes.
    - Produción ecolóxica.
    - Continuidade con outras iniciativas de mobilidade de terras.
    - Compromiso de residencia.
    - Prezo.
    - Incorporación de mozos.
    - Achegas de terras.
    - Xestión forestal activa e sustentable.

No *Anexo 1.3* deste apartado, pódese ver onde consultar as zonas prioritarias de intervención para unha aldea modelo.

# Anexo 1.1

A continuación móstrase un listado dos concellos que actualmente están adheridos ás aldeas modelo.

*Táboa 1. Relación de concellos adheridos ás aldeas modelo*

| Provincia | Concellos | Aldea Modelo | Estado | Data aprobación | Superficie (ha) | Nº parcelas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ourense | Cenlle | Osmo | Aprobada | 07/08/2019 | 23 | 153 |
| Lugo | O Incio | Trascastro | Aprobada | 12/11/2019 | 15,43 | 136 |
| Ourense | Boborás | Penedo | Aprobada | 12/11/2019 | 25,36 | 665 |
| Ourense | Carballeda de Avia | Muimenta | Aprobada | 12/11/2019 | 34,02 | 1.660 |
| Ourense | Monterrei | Infesta | Aprobada | 12/11/2019 | 42,95 | 930 |
| Lugo | A Pobra de Brollón | Parada dos Montes | Aprobada | 20/02/2020 | 16,96 | 278 |
| Lugo | Folgoso do Courel | Moreda | Aprobada | 20/02/2020 | 39 | 73 |
| Ourense | O Pereiro de Aguiar | Reboredo | Aprobada | 20/02/2020 | 27 | 158 |
| Ourense | Quintela de Leirado | Xacebáns | Aprobada | 20/02/2020 | 37 | 606 |
| Ourense | Toén | Trelle | Aprobada | 20/02/2020 | 37 | 515 |
| Ourense | A Veiga | Meixide | Aprobada | 24/09/2020 | 71,28 | 646 |
| Lugo | Quiroga | Bustelo de Fisteus | Aprobada | 21/05/2021 | 14,15 | 269 |
| Ourense | Riós | Pedrosa | Aprobada | 21/05/2021 | 67,45 | 922 |
| Lugo | Sober | Francos de Proendos | Aprobada | 21/01/2022 | 16,81 | 119 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ourense | Cualedro | Carzoá | Aprobada | 21/01/2022 | 59,8 | 389 |
| Ourense | Taboadela | Covelo | Aprobada | 21/01/2022 | 16,81 | 223 |
| Ourense | A Gudiña | O Seixo | Aprobada | 24/01/2022 | 31,78 | 223 |
| Pontevedra | Cerdedo-Cotobade | Mouteira-Parada | Aprobada | 25/01/2022 | 19,6 | 427 |
| A Coruña | Ames | Ferreiros | Aprobada | 12/08/2022 | 9,83 | 128 |
| Ourense | Avión | Cortegazas | Aprobada | 12/08/2022 | 17,88 | 727 |
| Ourense | Vilariño de Conso | Soutogrande | Aprobada | 12/08/2022 | 34,54 | 99 |
| A Coruña | Porto do Son | Bustoseco | Recollida sinaturas | | 29,05 | 139 |
| Lugo | Navia de Suarna | Vilela | Recollida sinaturas | | 47,86 | 60 |
| Ourense | O Barco de Valdeorras | Vilariño | Recollida sinaturas | | 20,96 | 330 |
| Ourense | Bande | O Pazo | Recollida sinaturas | | 63,42 | 803 |
| Ourense | Porqueira | Lobios | Recollida sinaturas | | 36,24 | 1.139 |
| Ourense | Carballeda de Valdeorras | As Nogueiras | Recollida sinaturas | | 13,24 | 105 |
| Pontevedra | As Neves | A Porteliña | Recollida sinaturas | | 34,57 | 819 |
| Ourense | Cenlle | Osmo | Recollida sinaturas | | 23 | 153 |

*Fonte: AGADER (13/12/2022)*




*Imaxe 1. Distribución territorial das aldeas modelo aprobadas e en fase de recollida de firmas. Fonte: AGADER*

**Aldea Modelo de Muimenta (Carballeda de Avia)**

O concello de Carballeda de Avia, conta coa aldea modelo de Muimenta. En 2017, Carballeda de Avia sufriu varios incendios onde arderon miles de hectáreas, varias casas e faleceu unha persoa. Dende o concello, repararon en que era preciso cambiar o método de xestión forestal e loitar de maneira efectiva contra o abandono do rural sufrido no concello nas últimas décadas. Para poder conseguir estes obxectivos, solicitouse converter a Muimenta nunha aldea modelo e o proxecto foi aprobado o 12 de novembro de 2019.

Premendo no imaxe inferior, pódese acceder a Guía de Ordenación Produtiva de Muimenta.



*Imaxe 2. Vista xeral da Aldea Modelo de Muimenta*

A aldea de Muimenta, foi declarada aldea modelo, entre outras cousas por:

- Polo compacto da zona urbana.
- Baixa densidade de poboación cunha media de idade avanzada.
- Maioría da veciñanza segue traballando de forma activa as hortas ó lado da casa.
- Un dos núcleos que máis sufriu os incendios no ano 2017.
- Terreos con elevado potencial agroforestal.

Na actualidade, a aleda modelo atópase dividida en dúas zona. Unha é un espazo agrario de experimentación que conta con 20 hectáreas de superficie, onde se realiza formación de 4 anos para fomentar actividades agrarias con técnicas de produción sostible (horta ecolóxica). A segunda zona, está dedicada a gandería en extensivo de porco celta, e conta con un total de 14 hectáreas.

Ademais, na aldea contan con un proxecto de transformación urbanística no que se busca a mellora non só das vivendas privadas, senón tamén para zonas públicas. Dentro deste proxecto, existe un proceso de adquisición de vivendas deshabitadas e en mal estado, por parte do concello, para a súa rehabilitación.

**Aldea Modelo de Infesta (Monterrei)**

No concello de Monterrei, atópase a aldea modelo de Infesta. Esta aldea modelo nace co obxectivo principal de loitar contra os incendios forestais que se produciron na zona nos últimos anos. Dende o concello, repararon en que era unha das formas de loitar contraoo incendios era darlle un uso correcto as terras abandonadas no concello nas últimas décadas. Para poder conseguir estes obxectivos, solicitouse converter a Infesta nunha aldea modelo e o proxecto foi aprobado o 12 de novembro de 2019.

Premendo no imaxe inferior, pódese acceder a Guía de Ordenación Produtiva de Infesta.




*Imaxe 3. Vista de paxaro da aldea modelo de Infesta*

O lugar de Infesta en Monterrei selecciónase como aldea modelo polas seguintes características:

1. Entidade menor de poboación con alto índice de abandono de terreos.
2. Baixa densidade de poboación e cunha media de idade avanzada.
3. Terreos con alto risco de lume forestal.
4. Terreos con alto potencial agroforestal.
5. Zonas con alto valor patrimonial e medioambiental a protexer.
6. Existencia de actividade económica na contorna vinculada á dispoñibilidade de terreos (vide).
7. Zonas con gran potencial agroforestal con gran densidade de especies invasoras (mimosas).

# Anexo 1.2

O Plan de prevención e defensa contras os incendios forestais de Galicia, ten como obxectivo o establecemento da organización e procedemento de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde a comunidade autónoma de Galicia, de aqueles que podan ser asignados a este pola Administración Xeral do Estado, así como dos que puidesen ser facilitados por outras entidades públicas ou privadas para facer fronte ós incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir, no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións públicas implicadas na loita contra o lume.

A continuación, móstrase un listado dos concellos que actualmente están adheridos ó Sistema Público de Xestión da Biomasa.

*Táboa 2. Relación de concellos adheridos ó Sistema Público de Xestión da Biomasa.*

| Provincia | Concello | Ano de adhesión | Alcalde |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | ABEGONDO | 2018 | José Antonio Santiso Miramontes |
| | AMES | 2018 | José Blas García Piñeiro |
| | ARANGA | 2019 | Alberto Platas Álvarez |
| | ARES | 2019 | Julio Ignacio Iglesias Redondo |
| | ARTEIXO | 2018 | José Carlos Calvelo Martínez |
| | ARZÚA | 2020 | José Luís García López |
| | BAÑA (A) | 2018 | José Antonio Pereira Gil |
| | BERGONDO | 2019 | Alejandra Pérez Máquez |
| | BETANZOS | 2019 | María Barral Varela |
| | BOIMORTO | 2019 | María Jesús Novo Gómez |
| | BOIRO | 2018 | José Ramón Romero García |
| | BOQUEIXÓN | 2018 | Manuel Fernández Munín |
| | BRIÓN | 2018 | Pablo Lago Sanmartín |
| | CABANA DE BERGANTIÑOS | 2018 | José Muíño Domínguez |
| | CABANAS | 2018 | Carlos Ladra Brage |
| | CAMARIÑAS | 2018 | Sandra Ínsua Rial |
| | CAMBRE | 2020 | Óscar Alfonso García Patiño |
| | CAPELA (A) | 2019 | Manuel Meizoso López |
| | CARBALLO | 2018 | Evencio Ferrero Rodríguez |
| | CARNOTA | 2018 | Juan Manuel Saborido Rama |
| | CARRAL | 2018 | Francisco Javier Gestal Pose |
| | CEDEIRA | 2021 | Pablo Diego Moreda Gil |
| | CERCEDA | 2019 | Juan Manuel Rodríguez García |
| | CERDIDO | 2018 | Benigno Galego Castro |
| | COIROS | 2018 | Francisco Quintela Requeijo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | CORCUBIÓN | 2019 | Manuel Ínsua Ínsua |
| | CORISTANCO | 2019 | Juan Carlos García Pose |
| | CORUÑA (A) | 2018 | Inés Rey García |
| | CULLEREDO | 2022 | José Ramón Rioboo Castro |
| | CURTIS | 2019 | Javier Francisco Caínzos Vázquez |
| | DODRO | 2018 | Francisco Xabier Castro Tourís |
| | DUMBRÍA | 2019 | José Manuel Pequeño Castro |
| | FENE | 2018 | Juventino José Trigo Rey |
| | FISTERRA | 2018 | José Marcote Suárez |
| | FRADES | 2018 | Roberto Rey Martínez |
| | IRIXOA | 2018 | Antonio Deibe Sanmartín |
| | LARACHA | 2018 | José Manuel López Varela |
| | LAXE | 2020 | José Luís Pérez Añón |
| | LOUSAME | 2018 | María Teresa Villaverde Pais |
| | MAÑÓN | 2018 | Alfredo Dovale Pereira |
| | MELIDE | 2018 | José Manuel Pérez Penas |
| | MESÍA | 2019 | Mariano Iglesias Castro |
| | MOECHE | 2018 | María Beatriz Bascoy Maceiras |
| | MUGARDOS | 2018 | Juan Domingo de Deus Fonticoba |
| | MUROS | 2018 | María Inés Monteagudo Romero |
| | MUXÍA | 2020 | Santiago Manuel Toba Campaña |
| | NEDA | 2019 | Ángel Alvariño Saavedra |
| | NEGREIRA | 2019 | Manuel Ángel Leis Míguez |
| | NOIA | 2018 | José Santiago Freire Abeijón |
| | ORDES | 2018 | José Luís Martínez Sanjurjo |
| | OROSO | 2018 | Manuel Mirás Franqueira |
| | ORTIGUEIRA | 2018 | Juan Vicente Penabad Muras |
| | OUTES | 2018 | Manuel González López |
| | OZA-CESURAS | 2020 | José Pablo González Cacheiro |
| | PADERNE | 2021 | César Longo Queijo |
| | PADRÓN | 2018 | Antonio Fernández Angueira |
| | PINO (O) | 2019 | Manuel Taboada Vigo |
| | POBRA DO CARAMIÑAL (A) | 2019 | José Luís Piñeiro García |
| | PONTECESO | 2019 | Xosé Lois García Carballido |
| | PONTEDEUME | 2020 | Bernardo Fernández Piñeiro |
| | PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS) | 2021 | Valentín González Formoso |
| | PORTO DO SON | 2018 | José Luís Oujo Pouso |
| | RIANXO | 2018 | Adolfo Francisco Muíños Sánchez |
| | RIBEIRA | 2018 | Manuel Santos Ruíz Rivas |
| | ROIS | 2018 | Ramón Tojo Lens |
| | SAN SADURNIÑO | 2018 | Secundino García Casal |
| | SANTA COMBA | 2018 | María Pose |
| | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 2019 | José Antonio Sánchez Bugallo |
| | SANTISO | 2020 | Manuel Adán López |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | SOBRADO | 2019 | Luís Lisardo Santos Ares |
| | SOMOZAS (AS) | 2018 | Juan Alonso Tembrás |
| | TEO | 2018 | Rafael Carlos Sisto Edreira |
| | TOQUES | 2019 | Miguel Ángel Buján Varela |
| | TORDOIA | 2019 | Eduardo Antonio Pereiro Liñares |
| | TOURO | 2018 | Ignacio Codesido Barreiro |
| | VAL DO DUBRA | 2018 | José Manuel Varela Ferreiro |
| | VALDOVIÑO | 2018 | Alberto González Fernández |
| | VEDRA | 2018 | Carlos Martínez Carrillo |
| | VILARMAIOR | 2019 | Carlos Vázquez Quintián |
| | VILASANTAR | 2019 | Fernando Javier Pérez Fernández |
| | VIMIANZO | 2018 | Mónica Rodríguez Ordóñez |
| LUGO | ALFOZ | 2019 | Jorge Val Díaz |
| | ANTAS DE ULLA | 2018 | Javier Varela Pérez |
| | BALEIRA | 2018 | Ángel Enrique Martínez-Puga López |
| | BARALLA | 2020 | Miguel González Piñeiro |
| | BARREIROS | 2018 | Ana Belén Ermida Igrexas |
| | BECERREÁ | 2018 | Manuel Martínez Núñez |
| | BEGONTE | 2019 | José Ulla Rocha |
| | BÓVEDA | 2018 | José Manuel Arias López |
| | CARBALLEDO | 2019 | Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco |
| | CASTRO DE REI | 2018 | Francisco Javier Balado Teijeiro |
| | CERVO | 2018 | Alfonso Villares Bermúdez |
| | CHANTADA | 2019 | Manuel Lorenzo Varela Rodríguez |
| | CORGO (O) | 2018 | Felipe Labrada Reija |
| | COSPEITO | 2018 | Armando Castosa Alvariño |
| | FOLGOSO DO COUREL | 2018 | Dolores Castro Ochoa |
| | FONSAGRADA (A) | 2020 | Carlos López López |
| | FOZ | 2020 | Francisco Cajoto Caserío |
| | FRIOL | 2018 | José Ángel Santos Sánchez |
| | GUITIRIZ | 2019 | María Sol Morandeira Morandeira |
| | GUNTÍN | 2018 | Mª José Gómez Rodríguez |
| | INCIO (O) | 2018 | Héctor Manuel Corujo González |
| | LOURENZÁ | 2019 | Rocío López García |
| | LUGO | 2018 | Lara Méndez López |
| | MONDOÑEDO | 2018 | Manuel Ángel Otero Legide |
| | MONFORTE DE LEMOS | 2018 | José Tomé Roca |
| | MONTERROSO | 2018 | Rocío Seijas Vázquez |
| | NAVIA DE SUARNA | 2018 | José Fernández Fernández |
| | NEGUEIRA DE MUÑIZ | 2019 | José Manuel Braña Pereda |
| | NOGAIS (AS) | 2019 | Jesús Manuel Núñez Díaz |
| | PALAS DE REI | 2018 | Pablo José Taboada Camoira |
| | PANTÓN | 2018 | José Luís Álvarez Blanco |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | PARADELA | 2019 | José Manuel Mato Díaz |
| | PÁRAMO (O) | 2018 | José Luís López López |
| | PASTORIZA (A) | 2018 | Primitivo Iglesia Sierra |
| | PEDRAFITA DO CEBREIRO | 2018 | José Luís Raposo Magdalena |
| | POBRA DE BROLLÓN (A) | 2018 | José Luís Maceda Vilariño |
| | PORTOMARÍN | 2018 | Juan Carlos Serrano López |
| | QUIROGA | 2018 | Julio Álvarez Núñez |
| | RIBADEO | 2018 | Fernando Suárez Barcia |
| | RIBAS DE SIL | 2018 | Miguel Ángel Sotuela Vega |
| | RIBEIRA DE PIQUÍN | 2018 | Roberto Fernández Rico |
| | RIOTORTO | 2018 | Clemente Iglesias González |
| | SARRIA | 2018 | Claudio Melquíades Garrido Martínez |
| | SAVIÑAO (O) | 2018 | Juan Carlos Armesto Quiroga |
| | SOBER | 2018 | Luís Fernández Guitián |
| | TABOADA | 2018 | Ramiro Moure Ansoar |
| | TRABADA | 2018 | Mayra García Bermúdez |
| | TRIACASTELA | 2018 | María Olga Iglesias Fontal |
| | VALADOURO (O) | 2019 | Edmundo Maseda Maseda |
| | VICEDO (O) | 2019 | José Jesús Novo Martínez |
| | VILALBA | 2021 | Mª Elba Veleiro Fernández |
| | VIVEIRO | 2019 | María Loureiro García |
| | XERMADE | 2018 | Roberto García Pernas |
| | XOVE | 2018 | José Demetrio Salgueiro Rapa |
| **OURENSE** | ALLARIZ | 2020 | Mª Cristina Cid Fernández |
| | ARNOIA (A) | 2019 | Rodrigo Aparicio Santamaría |
| | AVIÓN | 2018 | Antonio Montero Fernández |
| | BALTAR | 2019 | José Antonio Feijoo Alonso |
| | BANDE | 2018 | Sandra Quintas Vázquez |
| | BAÑOS DE MOLGAS | 2019 | Xaime Óscar Iglesias Pérez |
| | BARBADAS | 2019 | Xosé Carlos Valcárcel Doval |
| | BARCO DE VALDEORRAS (O) | 2018 | Alfredo Laudelino García Rodríguez |
| | BEARIZ | 2019 | Manuel Prado López |
| | BLANCOS (OS) | 2019 | José Manuel Castro Blanco |
| | BOBORÁS | 2018 | Ana Patricia Torres Madureira |
| | BOLA (A) | 2019 | María Teresa Barge Bello |
| | BOLO (O) | 2018 | Manuel Corzo Macías |
| | CALVOS DE RANDÍN | 2018 | Aquilino Valencia Salgado |
| | CARBALLEDA DE AVIA | 2018 | Luís Milia Méndez |
| | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | 2019 | María Carmen González Quintela |
| | CARBALLIÑO (O) | 2019 | Francisco José Fumega Piñeiro |
| | CARTELLE | 2018 | Jaime Sousa Seara |
| | CASTRELO DE MIÑO | 2018 | Avelino Pazos Pérez |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | CASTRELO DO VAL | 2018 | Vicente Gómez García |
| | CASTRO CALDELAS | 2018 | Sara Inés Vega Núñez |
| | CELANOVA | 2019 | Antonio Puga Rodríguez |
| | CENLLE | 2018 | José Manuel Rodríguez Lamas |
| | CHANDREXA DE QUEIXA | 2018 | Francisco Rodríguez Rodríguez |
| | COLES | 2018 | Manuel Rodríguez Vázquez |
| | CORTEGADA | 2018 | Avelino Luís de Francisco Martínez |
| | CUALEDRO | 2018 | Luciano Rivero Cuquejo |
| | ENTRIMO | 2018 | Ramón Alonso López |
| | ESGOS | 2018 | Mario Rodríguez González |
| | GOMESENDE | 2018 | Pura Rodríguez Álvarez |
| | GUDIÑA (A) | 2019 | José María Lago Cabo |
| | IRIXO (O) | 2019 | Manuel Cerdeira Lorenzo |
| | LAROUCO | 2019 | Patricia Lamelas Rodríguez |
| | LAZA | 2018 | José Ramón Barreal Novo |
| | LEIRO | 2018 | Francisco José Fernández Pérez |
| | LOBEIRA | 2019 | Antonio Iglesias Álvarez |
| | LOBIOS | 2019 | María del Carmen Yáñez |
| | MACEDA | 2019 | Rubén Quintas Rodríguez |
| | MANZANEDA | 2019 | Amable Fernández Basalo |
| | MASIDE | 2018 | José Manuel Iglesias Araújo |
| | MELÓN | 2019 | Emilio Luís Díaz Vidal |
| | MERCA (A) | 2018 | José Manuel Garrido Sampedro |
| | MONTEDERRAMO | 2019 | Antonio Rodríguez Álvarez |
| | MONTERREI | 2018 | José Luís Suárez Martinez |
| | MUÍÑOS | 2018 | Plácido Álvarez Dobaño |
| | NOGUEIRA DE RAMUÍN | 2018 | José César Parente Pérez |
| | OIMBRA | 2018 | Ana María Villarino Pardo |
| | OURENSE | 2018 | Gonzalo Pérez Jácome |
| | PADERNE DE ALLARIZ | 2018 | José Manuel Fernández Gómez |
| | PADRENDA | 2018 | Manuel Pérez Pereira |
| | PARADA DE SIL | 2018 | Aquilino Domínguez Díaz |
| | PEREIRO DE AGUIAR (O) | 2018 | Luís Menor Pérez |
| | PEROXA (A) | 2018 | Manuel Seoane Rodríguez |
| | PETÍN | 2018 | Raquel María Bautista Carballo |
| | PIÑOR | 2018 | José Luís González Rodríguez |
| | POBRA DE TRIVES (A) | 2019 | Patricia Domínguez Barja |
| | PONTEDEVA | 2019 | José Carlos Guerrero Salgado |
| | PORQUEIRA | 2019 | Susana Vázquez Dorado |
| | PUNXÍN | 2018 | Manuel Vázquez Fernández |
| | QUINTELA DE LEIRADO | 2018 | José Antonio Pérez Cortés |
| | RAIRIZ DE VEIGA | 2018 | Josefa Asunción Morgade Rúa |
| | RIBADAVIA | 2018 | Noelia Rodríguez Travieso |
| | RIÓS | 2018 | Francisco Armando Veiga Romero |
| | RÚA (A) | 2019 | Álvaro José Fernández López |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | RUBIA | 2018 | Elías Rodríguez Núñez |
| | SAN AMARO | 2020 | Rubén Gómez González |
| | SAN CIBRAO DAS VIÑAS | 2019 | Manuel Pedro Fernández Moreiras |
| | SAN CRISTOVO DE CEA | 2019 | José Luís Valladares Fernández |
| | SAN XOÁN DE RÍO | 2019 | José Miguel Pérez Blecua |
| | SANDIÁS | 2018 | Felipe Traveso García |
| | SARREAUS | 2018 | Gumersindo Lamas Alvar |
| | TABOADELA | 2018 | Álvaro Vila Araújo |
| | TEIXEIRA (A) | 2018 | Miguel Antonio Cid Álvarez |
| | TOEN | 2018 | Ricardo González Gómez |
| | TRASMIRAS | 2018 | Emilio José Pazos Ojea |
| | VEIGA (A) | 2018 | Juan Anta Rodríguez |
| | VEREA | 2019 | José Antonio Pérez Valado |
| | VERÍN | 2018 | Gerardo Seoane Fidalgo |
| | VILAMARÍN | 2019 | Amador Vázquez Vázquez |
| | VILAMARTÍN DE VALDEORRAS | 2018 | Enrique Álvarez Barreiro |
| | VILAR DE BARRIO | 2019 | Manuel Conde Gómez |
| | VILAR DE SANTOS | 2018 | Xoán Xosé Jardón Pedras |
| | VILARDEVÓS | 2018 | Manuel Cardoso Pérez |
| | VILARIÑO DE CONSO | 2018 | Melisa Macía Domínguez |
| | XINZO DE LIMIA | 2018 | Elvira Lama Fernández |
| | XUNQUEIRA DE AMBIA | 2019 | José Luís Gavilanes Losada |
| | XUNQUEIRA DE ESPADANEDO | 2019 | Carlos Gómez Blanco |
| **PONTEVEDRA** | AGOLADA | 2018 | Luís Calvo Miguélez |
| | ARBO | 2018 | Horacio Gil Expósito |
| | BAIONA | 2019 | Carlos Gómez Prado |
| | BARRO | 2018 | Xosé Manuel Fernández Abraldes |
| | CALDAS DE REIS | 2020 | Juan Manuel Rey Rey |
| | CAMPO LAMEIRO | 2018 | Carlos Costa Domínguez |
| | CAÑIZA (A) | 2018 | Luís Antonio Gómez Piña |
| | CATOIRA | 2019 | Alberto García García |
| | CERDEDO - COTOBADE | 2018 | Jorge Cubela López |
| | COVELO (O) | 2018 | Juan Pablo Castillo Amigo |
| | CRECENTE | 2018 | Julio César García - Luengo Pérez |
| | CUNTIS | 2021 | Manuel Campos Velay |
| | DOZÓN | 2021 | Adolfo Campos Panadeiros |
| | ESTRADA (A) | 2018 | José Carlos López Campos |
| | FORCAREI | 2018 | Verónica Pichel Guisande |
| | FORNELOS DE MONTES | 2018 | Emiliano Lage Rodríguez |
| | GONDOMAR | 2018 | Juan Francisco Ferreira González |
| | GROVE (O) | 2018 | José Antonio Cacabelos Rico |
| | GUARDA (A) | 2018 | Antonio Lomba Paz |
| | LALÍN | 2020 | José Crespo Iglesias |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | LAMA (A) | 2018 | Jorge Canda Martínez |
| | MARÍN | 2018 | María Pilar Ramallo Vázquez |
| | MEAÑO | 2018 | Carlos Vieitez Fernández |
| | MEIS | 2018 | Marta Giráldez Barral |
| | MOAÑA | 2018 | Leticia Santos Paz |
| | MONDARIZ | 2018 | Xosé Emilio Barros Bello |
| | MONDARIZ-BALNEARIO | 2018 | José Antonio Lorenzo Rodríguez |
| | MORAÑA | 2019 | José Cela Camiño |
| | MOS | 2018 | Nidia María Arévalo Gómez |
| | NEVES (AS) | 2018 | Xosé Manuel Rodríguez Méndez |
| | NIGRÁN | 2018 | Juan Antonio González Pérez |
| | OIA | 2018 | Cristina Correa Pombal |
| | PAZOS DE BORBÉN | 2018 | Andrés Iglesias Rodríguez |
| | POIO | 2018 | Luciano Sobral Fernández |
| | PONTEAREAS | 2018 | Cristina Fernández Davila |
| | PONTE-CALDELAS | 2018 | Andrés Díaz Sobral |
| | PONTECESURES | 2019 | Juan Manuel Vidal Seage |
| | PORRIÑO (O) | 2022 | Manuel Alejandro Lorenzo Alonso |
| | PORTAS | 2019 | Ricardo Martínez Chantada |
| | REDONDELA | 2022 | Digna Rosa Rivas Gómez |
| | RIBADUMIA | 2019 | David José Castro Mougán |
| | RODEIRO | 2018 | Rubén Porfirio Quintá Quintá |
| | ROSAL (O) | 2020 | Ánxela Fernández Callis |
| | SALCEDA DE CASELAS | 2018 | María Dolores Castiñeira Alén |
| | SALVATERRA DE MIÑO | 2019 | Marta Valcárcel Gómez |
| | SANXENXO | 2018 | Telmo Martín González |
| | SILLEDA | 2018 | Manuel Cuíña Fernández |
| | SOUTOMAIOR | 2018 | Agustín Reguera Ocampo |
| | TOMIÑO | 2018 | Sandra González Álvarez |
| | TUI | 2018 | Enrique Cabaleiro González |
| | VALGA | 2018 | José María Bello Maneiro |
| | VILABOA | 2019 | César Poza González |
| | VILAGARCIA DE AROUSA | 2019 | Alberto Varela Paz |
| | VILANOVA DE AROUSA | 2019 | Gonzalo Durán Hermida |

*Fonte: Xunta de Galicia (02/08/2022)*

# Anexo 1.3

A continuación, preséntase as diferentes ferramentas audiovisuais e didácticas que se poden empregar, así como a diferente documentación presente na páxina web de AGADER, referente ás aldeas modelo.

**Aldeas Modelo**

Na páxina web de AGADER, atopamos diferentes ferramentas onde nos explica os aspectos máis relevantes da Lei de Recuperación de Terras, referentes ás aldeas modelo.

Os links das ferramentas, accedese premendo as seguintes imaxes.




*Imaxe 4. Vídeo informativos das Aldeas Modelo. Fonte: AGADER*




*Imaxe 5. Presentación informativa sobre Aldeas Modelo. Fonte: AGADER*

**Guías de Ordenación Produtiva**

As Guía de Ordenación Produtiva son un documento técnico no que se definen os usos máis adecuados para a explotación das parcelas incluídas na Aldea Modelo.

Están definidas no *Artigo 47 quater da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras,* e en elas defínese como mínimo: o perímetro da aldea modelo, a relación das parcelas incluídas no perímetro, os usos produtivos máis axeitados para a explotación das parcelas incluídas no proxecto, os prazos e os prezos de aluguer e as descricións das actuacións de limpeza, obras e infraestruturas necesarias para a posta en produción das actividades que se levarán a cabo na aldea modelo.

Premendo sobre a imaxe inferior, accedese ás Guías de Ordenación Produtivas actualmente rematadas.




*Imaxe 6. Acceso ás diferentes Guías de Ordenación Produtiva*

**Proxectos de Ordenación Produtiva**

Os Proxectos de Ordenación Produtiva son documentos técnicos nos que se definen os usos produtivos máis adaptados para  a explotación das parcelas incluídas na Aldea Modelo.

Están definidos no *Artigo 113 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*, e neles defínense como mínimo: o perímetro da aldea modelo, a relación das parcelas incluídas no perímetro, os usos produtivos máis axeitados para a explotación das parcelas incluídas no proxecto, os prazos e os prezos de aluguer e as descricións das actuacións de limpeza, obras e infraestruturas necesarias para a posta en produción das actividades que se levarán a cabo na aldea modelo.

Premendo sobre a imaxe inferior, accedese ás Guías de Ordenación Produtivas actualmente rematadas.




*Imaxe 7. Acceso ós diferentes Proxectos de Ordenación Produtiva*

**Visor Xeográfico de Galicia**

Co visor xeográfico de Galicia, elaborado pola xunta, ofrece acceso á información máis relevante dos instrumentos definidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Esta información inclúe, entre outra, a correspondente ós polígonos agroforestais, aldeas modelo e zonas de actuación preferente. A información dispoñible aumentará conforme se avance no desenvolvemento da lei.

Para acceder ó visor podemos facelo premendo a seguinte imaxe.




*Imaxe 8. Visor de Recuperación de Terra Agraria (https://mapas.xunta.gal/visores/rtag/?locale=es)*

# CONTACTO

Asociación de Grupos De
Desenvolvemento Rural De Galicia
Rúa San Marcos, s/n
15318 – Abegondo
(A Coruña)
info@agdr.gal | https://agdr.gal/